

A. Escourido Pernas *et alii* (2008): “A dimensión prosódica da oralidade: achega dende AMPER”, en E. Fernández Rei / X. L. Regueira Fernández (eds.): *Perspectivas sobre a oralidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 75-93.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A DIMENSIÓN PROSÓDICA DA ORALIDADE: ACHEGA DENDE AMPER¹

*Ana Escourido Pernas / Elisa Fernández Rei / Manuel González González /
Xosé Luís Regueira Fernández*

ILG / USC

1. INTRODUCCIÓN

Á hora de afrontar o estudo da oralidade dunha lingua, as perspectivas que podemos adoptar son moitas e atinxen a moitas disciplinas lingüísticas e non estrita ou exclusivamente lingüísticas. Boa mostra disto é esta monografía, onde se aborda o tema da oralidade na súa dimensión lingüística, pero tamén dende moitas outras ópticas que non poñen o foco principal na lingua.

Desde a lingüística, tamén podemos adoptar distintos enfoques da oralidade. Por exemplo, a fonética e a fonoloxía son dúas disciplinas que se centran no estudo das características acústicas e articulatorias dos diferentes sons lingüísticos e como utilizamos estes sons para transmitirmos significados lingüísticos, así como o modo en que estas unidades son percibidas polo noso oído e interpretadas polo cerebro. Este enfoque de estudo é útil, entre outras cousas, para a elaboración de actividades de aprendizaxe das linguas, para a consecución de solucións nos problemas da adquisición da fala ou para a mellora dos sistemas de síntese e de recoñecemento de voz. Estas disciplinas centran o seu interese na dimensión sonora da oralidade. Agora ben, no seu ámbito podemos situar aínda outra subdisciplina, a prosodia. Esta disciplina foi denominada nalgunhas tradicións lingüísticas *fonética suprasegmental*, e situada pois como un tipo de fonética. Hoxe en día téndese a considerar unha disciplina independente, entre outras razóns porque o seu estudo se pode abordar tanto desde o punto de vista fonético como fonolóxico.

1. Este traballo realizouse co financiamento do Ministerio de Educación y Ciencia, ao abeiro do proxecto "Descripción y estudio de los modelos entonativos en el gallego actual" (HUM2005-08282-C02-01).

En calquera caso, o estudo da prosodia, e en particular da entoación, é un dos aspectos máis difíciles de abranguer en termos obxectivos no estudo da oralidade de calquera lingua, dado que o campo de estudo abrangue un terreo limítrofe con outras disciplinas que non se poden considerar estrictamente lingüísticas, como a comunicación non verbal, a pragmática, o estudo da voz, etc. Así, no grupo das linguas entonativas, ás que pertence o galego, as variacións tonais non serven para establecemos diferenciacións léxicas, senón que neste tipo de linguas a entoación contribúe á significación dos enunciados, en tanto que permite chegar multitude de significados expresivos e intencións comunicativas que nos resulta moi difícil ou imposible reflectir na escrita. Así mesmo, coa entoación conseguimos presentar unha imaxe de nós mesmos, xunto con outros elementos vocais e quinésicos, que con frecuencia son difíciles de deslindar dos significados lingüísticos que a entoación tamén transmite.

Así pois, a prosodia permítelle ao falante engadir á cadea sonora algúns significados lingüísticos, mais tamén paralingüísticos. A *información lingüística* que leva aparelhada a entoación é a que nos permite diferenciar as modalidades oracionais (*función distintiva*) ou delimitar as distintas unidades informativas nas que o falante divide o discurso, de tal xeito que o seu contido poida ser interpretado adecuadamente polo oínte (*función demarcativa*). Segundo a entoación que utilizemos, unha cadea sonora como [ma'ria 'ðiʃo 'keŋ 'trae aʒ ma'θaʃ]², pode ter diferentes significados, como por exemplo, entre outros:

¿María dixo quen trae as mazás?^{2b}

María dixo: ¿quen trae as mazás?

María, dixo, ¿quen trae as mazás?

Alén disto, a entoación achéganos unha serie de significados paralingüísticos moi variados e que son difíciles de determinar e precisar. Podemos construír a imaxe do carácter dunha persoa polo xeito en que fala, pola calidade da súa voz e pola súa prosodia; así, unha persoa que emprega habitualmente unha entoación moi “plana” pódenos parecer que ten unha personalidade pesimista, por exemplo. Por outra parte, por medio da prosodia podemos advertir o estado de ánimo do falante (alegre, triste, preocupado...) e a súa intención ou actitude coa mensaxe que expresa (ironía, dúbida...).

2. A inserción de pausas na realización deste enunciado pode traer canda si algunha modificación segmental, como por exemplo na pronuncia de *dixo*.
3. A puntuación permítenos neste caso mostrar os diferentes grupos de entoación en que podemos dividir ou non a oración, así como as relacións sintácticas e os valores informativos que teñen en cada un dos casos os distintos enunciados.

The hearer is frequently more interested in the speaker's attitude than in his words (...). If one says something insulting, but smiles in face and voice, the utterance may be a great compliment; but if one says something very complimentary, but with an intonation of contempt, the result is an insult. A highly forceful or exciting statement in a very matter-of-fact intonation may, by its lack of balance, produce one type of irony (Pike 1945:22)⁴

Todos estes matices expresivos son moi variados e bastante difíciles de sistematizar e apreender obxectivamente nos estudos lingüísticos, e a maior parte das investigacións que se centraron neste aspecto son achegas impresionistas ou subxectivas. Ademais, en moitos casos é difícil saber cal é o límite entre o lingüístico e o paralingüístico, dado que frecuentemente estes elementos interactúan na mesma mensaxe; por exemplo, cando producimos un enunciado podemos expresar diferentes emocións (sorpresa, ira, dúbida...) ou intencións (interrogativas que realizamos esperando unha confirmación, preguntas retóricas que non esperan resposta, etc.). Por conseguinte, con frecuencia é difícil saber se unha variación prosódica se debe a un factor lingüístico ou a un paralingüístico subxacente.

En definitiva, o estudo da prosodia é fundamental para coñecermos mellor o complexo fenómeno da oralidade, tanto pola relevancia que ten en si mesma, como pola interacción que establece con outros campos de estudo relacionados coa oralidade.

2. INVESTIGACIÓNS SOBRE A PROSODIA DO GALEGO

Ata o de agora, os traballos sobre o galego oral centráronse fundamentalmente na recollida de gravacións, orientadas ao estudo de aspectos léxicos e gramaticais, así como á súa representación cartográfica en atlas dialectais.

Nos anos setenta, tres investigadores vinculados ao Instituto da Lingua Galega, Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González, enquisaron un total de 167 localidades repartidas por toda a xeografía da actual comunidade autónoma de Galicia e nas provincias de Asturias, León e Zamora, co obxectivo de confeccionaren o Atlas Lingüístico Galego (ALG). Nestas pesquisas, amais de se recompilaren as respostas ao cuestionario dia-

4. O oínte con frecuencia está máis interesado na actitude do falante que nas súas palabras (...) Se alguén di algo insultante, pero sorrindo coa cara e coa voz, as palabras poden entenderse como un gran cumprido; porén se alguén di algo moi eloxioso pero cunha entoación de desprezo, o resultado é un insulto. Unha declaración sumamente poderosa ou apaixonante nunha entoación moi normal pode, pola súa carencia de equilibrio, producir un tipo de ironía (tradución propia).

lectal que elaboraran, reuníronse gravacións de textos orais que, á parte do seu valor lingüístico, teñen un grande interese etnográfico (etnotextos), dado que reflicten diferentes aspectos da cultura e as tradicións de Galicia. Para a almacenaxe destes etnotextos, así como doutro tipo de mostras orais, creouse no ILG o Arquivo do Galego Oral (AGO), que recolle gravacións dende o ano 1974 ata a actualidade. Unha pequena parte destas gravacións foron transcritas e publicadas (Fernández & Hermida 1996), pero a maioría están arquivadas e pendentes da súa transcripción e estudo no devandito arquivo. En todo caso, aquelas que foron publicadas van acompañadas dunha transcripción ortográfica, con algunhas marcas tipográficas e ortográficas particulares, para representar certas particularidades da pronuncia, como distintos tipos de seseo, o timbre das vogais, etc., mais en ningún caso se representan características ou trazos prosódicos, alén dos que se poden inferir polos signos de puntuación convencionais⁵.

Dentro desta tradición dialectal, impulsada en boa medida polo ALG, xorden, nos anos oitenta e noventa, diferentes teses e memorias de licenciatura sobre distintas variedades dialectais, nas que adoito se fai unha descrición pormenorizada de diferentes aspectos lingüísticos, tamén dos trazos fonéticos e fonolóxicos⁶.

Todas estas investigacións tiveron grande importancia na historia da lingüística galega e, ademais, permitiron coñecer o galego vivo, o galego oral. Porén, en todas elas omítese o estudo da prosodia, coa única excepción de Porto Dapena (1977), onde hai un capítulo dedicado á entoación. Teremos que agardar ata os anos noventa, de novo ao abeiro do Instituto da Lingua Galega, para atoparmos os primeiros traballos monográficos nos que se trata dunha forma sistemática a entoación do galego, seguindo unha perspectiva dialectal (Sobrino Pérez 1997) ou coa intención de realizar unha descrición dun patrón oral común para as interrogativas galegas (Fernández Rei 1995) (vid. unha revisión bibliográfica dos traballos sobre a prosodia do galego en Fernández Rei 2005).

Pola súa vez, no ámbito románico a situación era semellante, pois os diversos atlas lingüísticos confeccionados (Atlas Lingüístico Románico, Atlante Linguistico Italiano, Atlas Lingüístico de la Península Ibérica, etc), tamén se centraban fundamentalmente en aspectos de morfoloxía, léxico e fonética

5. Empréganse signos de interrogación, admiración, etc., mais tamén é frecuente a inserción de comas que contraveñen a convención ortográfica coa intención de marcar fronteiras entoativas (por exemplo, entre un suxeito e un predicado).

6. Pódense consultar as referencias de todos estes traballos monográficos sobre falas de Galicia en Regueira (1996) e na bibliografía informatizada da lingua galega: <http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>.

segmental, pero non fornecían información ningunha sobre a prosodia das diferentes linguas románicas, a pesar de que a recolección da información se realizaba oralmente. Foi nesta situación na que Michel Contini concibiu a idea de confeccionar un atlas lingüístico dialectal no que, por fin, se subsanase a sistemática ausencia da prosodia neste tipo de traballos (Contini 1992). Grazas ao seu impulso nace o proxecto *Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman* (AMPER), coa intención de achegar datos obxectivos da prosodia dialectal románica, a través dunha metodoloxía rigorosa e avalada por investigadores de reputada experiencia nos campos da dialectoloxía e da fonética. Como xa salientamos, este traballo non se acometera ata este momento, de aí a súa novidade e orixinalidade no marco da cartografía lingüística.

3. ¿QUE É O AMPER?

O AMPER é hoxe un proxecto de ámbito internacional no que colaboran diferentes universidades de Europa e América. A coordinación deste proxecto está a cargo dos profesores Michel Contini (Université Stendhal, Grenoble 3) e Antonio Romano (Università di Torino), que na altura do nacemento do proxecto pertencían a un grupo integrado no *Centre de Dialectologie* da Université Stendhal en Grenoble. Posteriormente, este centro de dialectoloxía desapareceu e en 2007 foi trasladado, mantendo aínda unha certa autonomía, ao ICP (*Institut de la Communication Parlée*).

Como xa adiantabamos, o proxecto ten como obxectivo principal o estudo e a comparación dos trazos prosódicos nas distintas variedades lingüísticas dentro do ámbito da Romanía. O AMPER segue o enfoque da fonética acústica, empregando medicións de frecuencia fundamental, duración e intensidade, o que permite acadar resultados fiables e non propor simples apreciacións subxectivas, que dependen sempre dun certo prexulgamento, afortunado ou non, por parte do investigador. Por outro lado, segue unha perspectiva dialectolóxica, dado que pretende afondar nas diferentes variedades xeoprosódicas de cada lingua románica integrada no proxecto.

A principal finalidade do AMPER é a confección dun atlas prosódico en formato multimedia que se poida poñer a disposición dos usuarios na rede. Este formato supoñía unha grande novidade nas investigacións de dialectoloxía no momento da súa creación, posto que son poucos os atlas lingüísticos que incorporan a posibilidade de escoitar material sonoro⁷ e ningún na-

7. Véxase, por exemplo, *VIVALDI: Vivaio acústico delle lingue e dei dialetti d'Italia* (<http://www2.hu-berlin.de/Vivaldi/>), no que se pode escoitar nun arquivo de son a pronuncia real de diferen-

quela altura que fornecese información sobre a prosodia das variedades lingüísticas que tratan. No entanto, recentemente publicouse na web un atlas interactivo co obxecto de difundir materiais para o estudo da prosodia e a entoación nas variedades do catalán: o *Atlas interactiu de l'entonació del catalán*⁸. Neste atlas ponse a disposición dos internautes diferentes tipos de materiais: discursos libres dos falantes, que aparecen tanto en audio como en vídeo; exemplos en audio de diferentes tipos de enunciados inducidos, cos correspondentes gráficos de F0; e gravacións dos informantes empregando o corpus Map Task.

O atlas do AMPER, pola súa vez, está formado por unha serie de mapas falantes que permiten escoitar a entoación das diferentes modalidades oracionais, así como mostrar os gráficos cos valores de F0, duración e enerxía para as comparacións entre as diferentes variedades lingüísticas románicas (véxase a descrición do proxecto en Romano & Contini 2001; Romano 2002; Contini et al. 2002; Lai & Romano 2003; Contini et al. 2003):




Figura 1: Exemplo de gráficos de F0, duración e enerxía tomados da páxina web do proxecto⁹

tes palabras e frases coa súa correspondente transcrición fonética, ou o *Atlante Linguistico et Et-nográfico del Piemonte Occidentale* (<http://www.alepo.it/default.htm>), no que aparecen breves vídeos dos informantes de cada punto de enquisa.

8. Pódese consultar no enderezo <http://seneca.uab.es/atlesentonacio/presentacio.html>

9. <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/BDAMPER/index.php>

Para abranguer a totalidade do traballo previsto e tratar con maior precisión as diferentes variedades románicas, créanse unha serie de equipos de traballo: hai grupos en todo o estado español, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Brasil, Chile, Venezuela... Estes equipos traballan independentemente e atendendo ás características particulares de cada unha das linguas que estudan, pero seguindo as directrices metodolóxicas xerais que marca o proxecto global. Realízanse frecuentemente encontros entre estes equipos de traballo para expoñer os resultados acadados, debater os diferentes problemas que xorden e, en definitiva, manter a coherencia metodolóxica. As publicacións derivadas dos estudos realizados polos distintos grupos son xa moi numerosas¹⁰.

4. METODOLOXÍA DO AMPER

Existe unha problemática de base en calquera investigación que pretenda acadar resultados obxectivos no estudo da prosodia dunha lingua dada: obter unha prosodia espontánea, real, que represente efectivamente a prosodia utilizada polos falantes e asemade conseguir que os datos obtidos sexan sistematizables. No caso dun traballo como o AMPER no que, ademais, se pretende debuxar un mapa da entoación románica, debemos engadir a esa dificultade a de que os datos recollidos teñen que ser comparables. Así, por un lado, a escolla dun corpus total ou parcialmente libre, no que o falante poida decidir as respostas, limita moito a posibilidade de facer comparacións entre as diferentes variedades lingüísticas e dificulta a sistematización dos resultados. Por outro lado, nun corpus máis ríxido, no que se orienten ou dirixan as respostas do falante para acadar unhas oracións cunha determinada estrutura, pérdese unha boa parte da espontaneidade e naturalidade das realizacións do falante. Para paliar este problema na medida do posible, no AMPER decidiuse elaborar catro tipos de córpora diferentes (Contini et al. 2002):

1) Corpus fixo: con este corpus preténdese que os falantes entoen unha serie de oracións fixas cunha estrutura sintáctica determinada. Para iso, utilizamos unha serie de fichas de debuxos, que representan diferentes oracións. Antes de facermos a gravación presentámoslles estes debuxos aos informantes e indicámoslles que se busca unha entoación neutra ou non marcada. Este tipo de corpus permítenos controlar o número de sílabas da oración, a co-

10. Pódese consultar unha compilación bibliográfica recente en <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/pub.htm>.

locación dos acentos e outras variables, que fan posible a comparación da entoación con outras linguas integradas no proxecto. Con este corpus estudamos unicamente dúas modalidades oracionais: as interrogativas de tipo absoluto e as enunciativas (neutras ou non marcadas en ambos os casos).

A principal dificultade deste corpus é que as oracións que se deben construír son moi pouco frecuentes na fala cotiá, polo que o entrevistador debe controlar que a entoación que os informantes realicen sexa o máis próxima posible á súa habitual. En Fernández & Escourido (2008) expóñense os principais problemas metodolóxicos que atopamos na adquisición do corpus fixo, así como en que medida o resto dos córpora do proxecto (inducido, libre e *map task*) serven para comprobar a fiabilidade dos datos recolectados.

2) Corpus inducido: neste caso describímoslle ao falante unha determinada situación cotiá, na que se debe situar para facer unha pregunta, respondela ou expresar un estado de ánimo determinado, tal e como faría nunha situación natural (vid. exemplo na figura 2). Trátase de conseguir a entoación máis espontánea do informante, posto que as respostas non seguen un patrón sintáctico e dependen da propia elección.

Entrevistador: *Non levas reloxo, necesitas saber a hora. Pasa un veciño ao teu lado, que lle dis?*

Informante: *Ten hora? / Pódeme dicir a hora? / Que hora ten? / Que hora é? / Sabe que hora é?*

Figura 2: Exemplo do corpus inducido

Neste corpus, pídeselles aos informantes que lembren situacións comunicativas nas que se atopan día a día e que reproduzan en estilo directo expresións que empregan na súa vida cotiá. Porén, os falantes xeralmente non son quen de abandonaren a influencia que ten o contexto comunicativo no que inevitablemente se sitúa a entrevista, de xeito que enunciación frases que non sempre son as máis habituais ou espontáneas e empregan con frecuencia expresións en estilo indirecto encabezadas por “*eu diríalle que...*”.

3) Map Task¹¹: preséntanse dous mapas dunha mesma zona, inventada ou non. Nun deles hai unha ruta marcada, co seu inicio e a súa meta, que no outro non aparece (este é o que se lle dá ao informante). Esta ruta pasa por unha serie de lugares que poden ou non coincidir nos dous mapas e que mesmo poden ter diferentes nomes. O informante debe poder seguir o percorrido da ruta que se lle describe oralmente, facendo as preguntas necesas-

11. Baseado no HCRC Map Task Corpus. Para máis información consultar a web: <http://www.herc.ed.ac.uk/maptask/>

rias para logralo. O obxectivo é a recollida das expresións xurdidas do diálogo, no que abundan os equívocos, rectificacións, aclaracións, preguntas, etc.

Con este tipo de corpus, os informantes adoitan ter dificultades para entenderen cal é o proceso e a finalidade do mesmo. Demándaselles un proceso de abstracción, como é o de situarse nun mapa e poder debuxar un percorrido por el, pero con frecuencia quedan bloqueados sen saber que facer ou mesmo buscan referentes reais aos motivos alí representados¹².

4) Corpus libre: recóllese un monólogo do informante sobre calquera tema, sen intervención do entrevistador sobre as súas eleccións en relación coas estruturas, modalidades, etc., aínda que adoito se lle suxire un tema, se lle fai algunha pregunta ou se intenta iniciar unha conversación.

A información que se recolle no atlas multimedia reflicte os datos analizados correspondentes ao corpus fixo, pois como comentabamos ao principio, son estes os que nos van permitir escoitar os mesmos enunciados en variedades diferentes e, por conseguinte, realizar a comparación. No atlas aparecerán os datos dun informante masculino e dunha informante feminina por cada punto de enquisa previsto. Os outros córpora son empregados para comprobar que as realizacións obtidas no corpus fixo se corresponden coa prosodia representativa da variedade lingüística en cuestión e que se trata de realizacións neutras do enunciado demandado (Fernández & Escourido 2008).

5. AS INVESTIGACIÓNS SOBRE O GALEGO NO MARCO DO AMPER

Baixo a coordinación da profesora Elisa Fernández Rei, o grupo AMPER-Galicia leva investigando, segundo as directrices do proxecto xeral, dende o ano 2003. Un dos primeiros pasos do grupo galego foi a elaboración do corpus fixo específico para o noso caso, que foi o utilizado nas primeiras gravacións a unha informante natural de Santiago de Compostela e a outra de Goián. Este corpus estaba concibido como un corpus de proba, que nos permitise detectar posibles erros e aspectos que puidesen ser mellorados. Posteriormente, a partir da experiencia proporcionada por estas primeiras probas elaboramos os córpora definitivos e establecemos os puntos de enquisa (figura 3).

12. Nunha das gravacións, unha das nosas informantes, tras explicarlle que queríamos chegar ao punto denominado “meta” que aparecía no mapa e que se correspondía cun campo de patacas, ela entendeu que a nosa pretensión era a de que nos indicara onde se situaba a leira onde ela mesma tiña plantadas patacas.

Os puntos de enquisa foron escollidos coa intención de termos unha representación global de todo o territorio lingüístico. Con todo, partiamos da hipótese de que o litoral costeiro era onde íamos encontrar unha maior variación prosódica, pois estudos previos sobre a prosodia galega (Sobrinho 1997, Fernández Rei 1995, etc.) ofrecían datos que apuntaban nesta dirección. Foi así como escollemos só catro puntos no bloque central e outros catro na oriental¹³ (vid. distribución dialectal proposta en F. Fernández Rei 1990), mentres que no bloque occidental seleccionamos sete puntos de enquisa.

Prevese a posibilidade de gravar en dúas localidades por cada punto de enquisa, nun núcleo rural e nun núcleo urbano. Ademais, en cada punto non só se poden gravar informantes do mesmo sexo, senón que a base de datos tamén permite codificar falantes de distintas idades e de distintos niveis de estudo. Isto poderíanos permitir facer un estudo non só de variación diatópica da prosodia, senón tamén de variación diastrática. Con todo, no atlas multimedia só aparecerán representados por cada localidade un home e unha muller sen estudos superiores e pertencentes a un núcleo urbano.




Figura 3: Puntos de enquisa previstos

5.1. *Algúns exemplos da prosodia dialectal galega*

O estado actual da investigación aínda non nos permite debuxar un mapa completo da entoación do galego ao longo de todas as súas variedades dialectais, pero si facer xa unha primeira aproximación que nos permita ver as peculiaridades dalgunhas zonas.

13. A extensión xeográfica do bloque oriental é moito menor ca a do central, mais esta sobre-representación relativa débese a que esta zona limita con outras variedades lingüísticas, como o astur-leonés e o castelán, o que a fai unha área especialmente interesante para a comparación.

Os gráficos que mostramos a continuación representan exemplos do corpus fixo de 6 informantes naturais de seis dos puntos de enquisa que foron analizados no proxecto: Carballo (gráfico 1), O Incio (gráfico 2), Ribadeo (gráfico 3), A Pobra do Caramiñal (gráfico 4), Camelle (gráfico 5) e O Grove (gráfico 6). En todos os gráficos representamos o comportamento da frecuencia fundamental na oración *O ferrolán falaba co cómico*, na súa realización enunciativa (curva con liñas continuas) e interrogativa (curva con liñas descontinuas).





Gráfico 1: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante de Carballo

Gráfico 2: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante do Incio





Gráfico 3: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante de Ribadeo

Gráfico 4: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante da Pobra





Gráfico 5: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante de Camelle

Gráfico 6: *O ferrolán falaba co cómico(?)*
dunha informante do Grove

Nos gráficos anteriores podemos observar¹⁴ como a entoación das interrogativas (liñas descontinuas) de Carballo, Ribadeo, O Incio e A Pobra é moi semellante: a frecuencia fundamental ascende progresivamente no suxeito ata chegar á súa tónica; nesta sílaba alcánzase un ton alto, que se mantén ata a última sílaba acentuada da oración, onde F0 cae abruptamente. O caso dos dous últimos gráficos son completamente diferentes se os comparamos co resto das mostras descritas. Tanto a interrogativa de Camelle como a do Grove se caracterizan por presentaren un pico tonal destacado, no entanto na primeira informante (gráfico 5) aparece dentro do suxeito e na segunda informante (gráfico 6) no complemento.

En canto ás enunciativas (liñas continuas), as seis informantes realizan unha soa frase de entoación, é dicir, non se establece unha fronteira prosódica entre o suxeito e o predicado. Este comportamento é moi frecuente en oracións que presentan suxeitos con poucas sílabas, mentres que naquelas oracións nas que os suxeitos son máis longos (suxeitos con modificadores), a tendencia é a contraria: maioritariamente rexistramos entoacións nas que aparece un límite entre o suxeito e o predicado (Fernández et al. 2005b).

Se atendemos á relación entre o acento e a entoación das enunciativas anteriores, podemos ver como nas seis falantes hai unha tendencia, máis ou menos marcada, a realizar dous picos tonais asociados ás tónicas do suxeito e do complemento: no primeiro pico alcánzase o máximo sobre a sílaba tónica do suxeito e no segundo pico prodúcese un descenso paulatino de F0 asociado á tónica do complemento. A enunciativa de Ribadeo non segue este esquema descrito: hai unha desacentuación dentro do suxeito (F0 descende suavemente sen grandes variacións) e aparece un pico tonal na sílaba tónica do complemento. Esta diferenza que encontramos na enunciativa de Ribadeo fronte ás do resto das informantes poida que non se deba a unha variación dialectal, senón a unha diferenza estilística. A informante de Ribadeo posiblemente interpretou o complemento como a unidade informativa máis importante da oración e por tanto focalizou este elemento.

5.2. *Métodos de control*

Debido ás peculiares características do corpus fixo, o proxecto conta cunha serie de recursos para verificarmos, por un lado, a exactitude e fiabili-

14. Facemos un comentario dos gráficos anteriores, pero débese ter en conta que son mostras illadas dunha soa informante por zona, polo que esta descrición debe ser interpretada coa debida precaución. En todo caso, as xeneralizacións feitas baséanse en estudos previos máis detallados (vid. por exemplo Escourido 2006, Fernández Rei et al. 2005a, 2005b, 2007a, 2007b).

dade das medicións que realizamos e, por outro, que as realizacións que recolleamos sexan realmente as representativas da zona que enquisamos, así como que se trata de enunciados cunha entoación neutra ou non marcada.

5.2.1. A síntese

É importante dispor dun método que nos permita comprobar que as medicións que realizamos son fiables e que os cálculos que obtemos responden realmente á prosodia analizada. Para iso, emprégase a síntese, que se obtén a partir dos datos da frecuencia fundamental, da duración e da enerxía que o programa *MatLab*¹⁵ calcula por cada vogal da oración. Coa síntese estamos a descartar o contido léxico-semántico da oración, quedándonos unicamente cos trazos prosódicos ou suprasegmentais. Se somos quen de identificar o son sintetizado co son real do que é resultado quere dicir que a medición que fixemos é correcta.

Dentro do proxecto AMPER existen traballos nos que se empregaron este tipo de sons sintetizados para a realización de tests perceptivos co obxecto de comprobar se a entoación é pertinente na distinción entre enunciativas e interrogativas e tamén para saber se a prosodia permite identificar as interrogativas de diferentes rexións (Martínez et al. 2006, Martínez et al. 2007, Moutinho et al. 2005).

5.2.2. A neutralidade

No proxecto, buscamos enunciativas e interrogativas non marcadas ou neutras, nas que non haxa ningún matiz expresivo, ningún foco, ningún significado pragmático, etc. Isto, que na teoría parece doado, resulta bastante complicado na práctica, posto que é moi difícil convencer aos falantes de que realicen sen ningún tipo de matiz frases tan pouco frecuentes como as que presenta o corpus fixo. Ademais, moitas veces é difícil determinar se algunha peculiaridade na entoación dun informante é resultado de que está a engadir un significado expresivo, por exemplo, ou se ben forma parte da súa maneira habitual de falar, do seu estilo. Deste xeito, en boa parte dos casos é complicado sabermos se hai algún tipo de significado paralingüístico por detrás da entoación recollida.

15. O Dr. Antonio Romano (Università di Torino) deseñou, para este programa, unha serie de rutinas específicas coas que traballan os membros do proxecto AMPER para o cálculo dos parámetros da prosodia (Romano 1995; Romano 1999). Estas rutinas foron melloradas posteriormente grazas á colaboración entre enxeñeiros e lingüistas: nunha primeira fase na Universidade de Aveiro e, posteriormente, na Universidade de Oviedo.

A valoración que poida facer o propio enquisador —sexa ou non nativo da zona analizada— é suficiente en casos coma o do gráfico 7. O exemplo deste gráfico descartouse posto que se produce unha focalización clara dentro do suxeito da oración: hai un pico tonal moi pronunciado sobre a tónica do suxeito, que é perfectamente percibido no arquivo de son real.




Gráfico 7: O Médico falaba co cómico pequeno (foco no suxeito)¹⁶

Porén, hai outros casos en que unha focalización ou calquera outro significado non é tan claro e non é fácil de determinar. Por exemplo, na interrogativa do gráfico 8, o pico que aparece sobre a pretónica do complemento, non sabemos se se debe a un trazo dialectal, a unha característica da informante para as interrogativas neutras ou se realmente este tipo de realización ten algún tipo de connotación expresiva, como pode ser unha maior implicación da falante na resposta que esa pregunta demanda.




Gráfico 8: O ferrolán falaba co cómico? feita por unha informante de Carballo

16. Este caso de focalización dentro do suxeito é diferente ao que aparece rexistrado en Escourido (2007), onde se describen unha serie de mostras nas que o foco se produce realmente nas sílabas pretónicas do suxeito. No exemplo que reproducimos neste gráfico hai unha relación di-

Os córpora que empregamos non nos permiten acceder a este tipo de información non lingüística, posto que non podemos controlar estritamente o contexto comunicativo que o falante imaxina e que orixina diferentes interpretacións sobre o corpus fixo. Talvez a única forma de recoller esta información non lingüística sexa por medio de *test perceptivos*, é dicir, cuestionarios que permitan facer valoracións lingüísticas por parte de oíntes da zona analizada a partir dunha serie de estímulos sonoros reais ou sintetizados, co obxecto de sabermos se as mostras que recollemos son realmente representativas para as enunciativas e interrogativas neutras da zona.

Ata o de agora, fixéronse poucos test perceptivos no proxecto: por un lado, con falantes do galego, do catalán e do español canario (Martínez et al. 2006; Martínez et al. 2007) e por outro con falantes de diferentes variedades do portugués (Moutinho et al. 2005). En ambos os traballos valorábase a partir de sons sintetizados o grao de identificación que os oíntes fan da súa propia variedade e das alleas. Sería moi útil realizar test que nos permitan determinar a presenza de trazos paralingüísticos e identificar se verdadeiramente estamos ante a variedade representativa da zona enquisada.

5.2.3. A representatividade

É frecuente que, en certas zonas dialectais que se caracterizan por unha entoación diferente ao resto no dominio lingüístico galego, encontremos diferentes patróns prosódicos nun mesmo informante e teñamos que decidir cal delas é a máis habitual ou representativa. Cando o entrevistador é orixinario da zona enquisada, esta decisión pódese deixar ao seu criterio. No entanto cando a variante dialectal non é a mesma que a do entrevistador debemos recorrer a outros mecanismos. Para a valoración do corpus fixo botamos man dos córpora máis espontáneos de que dispón o proxecto: inducido, Map Task e libre.

Por outro lado, nestas zonas en que o entrevistador posúe unha variante dialectal diferente á do entrevistado, xorde frecuentemente outro problema: que o informante non realice no corpus fixo a entoación máis representativa da zona, posto que de todos os córpora do proxecto este é o que os falantes senten como máis artificial. É o caso do gráfico 9 dunha falante de Cangas do Morrazo, no que mostramos dúas realizacións diferentes recollidas para

recta entre o foco e o acento, dado que se produce un incremento considerable da frecuencia fundamental sobre a sílaba tónica. Trátase de dous xeitos diferentes de marcar un elemento do enunciado, pero habería que comprobar se teñen algún significado pragmático diferente que dependa do contexto discursivo.

unha mesma oración. O comportamento do contorno é radicalmente diferente, nunha delas o tonema é ascendente e na outra descendente.




Gráfico 9: diferentes entoacións de *O soldado falaba co cómico rápido?* dunha falante de Cangas

Para sabermos cal é a entoación habitual da falante, recorremos aos outros cörpera: no corpus libre encontramos esta realización espontánea para unha interrogativa neutra (gráfico 10).




Gráfico 10: *Ques chocolate?*, oración extraída do corpus libre da mesma falante de Cangas

A frecha do gráfico indica a posición da sílaba tónica en *chocolate*. Esta entoación é diferente ás mostradas no gráfico 9, tomadas do corpus fixo. Neste caso, no complemento da oración prodúcese un ascenso que culmina na sílaba tónica, mentres que a postónica cae bruscamente cara á base tonal da falante. Ningunha das entoacións do gráfico 9 segue este comportamento: na curva con liñas discontinuas, a sílaba tónica inicia un ascenso tonal que é continuado polas postónicas; na curva con liñas continuas, iníciase un descenso da frecuencia fundamental na tónica, que continúa nas postónicas.

6. CONCLUSIÓNS

O AMPER nace co obxecto de apprehender unha parte da oralidade que non estaba representada nos atlas lingüísticos tradicionais, que é a prosodia das linguas románicas. Isto supón deseñar un sistema de atlas lingüístico novo nos estudos de dialectoloxía e que consiste na elaboración dunha serie de mapas falantes por cada dominio lingüístico que permiten escoitar a entoación de cada oración ao mesmo tempo que acceder aos gráficos de frecuencia fundamental, duración e enerxía.

As investigacións seguen diferentes ritmos de traballo, dependendo dos recursos de cada grupo de traballo do AMPER, no entanto, cando se desenvolvan todas as análises poderemos ter unha panorámica da prosodia na Romanía e ver como se comportan as fronteiras lingüísticas entre as diferentes linguas románicas.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Contini, M. (1992): "Vers une géoprosodie", in G. Aurrekoetxea & X. Videgain (eds.): *Nazioarteko Dialektologia Biltzarra Agiriak*. Bilbao: Euskaltzaindia/Real Academia da Lingua Vasca, 83-109.
- Contini, M.; J. P. Lai.; A. Romano; S. Rouillet; L. de Castro Moutinho; R. L. Coimbra; U. Pereira Bendiha & S. Secca Ruivo (2002): "Un projet d'atlas multimédia prosodique de l'espace roman", in B. Bel & I. Marlien (eds.): *Proceedings of. The 1st International Conference on Speech Prosody*. Aix-en-Provence: Laboratoire Parole et Language, 227-230.
- Contini, M.; J. P. Lai; A. Romano & S. Rouillet (2003): "Vers un atlas prosodique parlant des variétés romanés", in J.-C. Bouvier et al. (eds.): *Mélanges offerts à X. Ravier*. Toulouse: CNRS Univ. de Toulouse-Le Mirail, 73-84.
- Escourido Pernas, Ana (2006): *Descrición acústica da prosodia dunha fala de Camelle. Contribución para o proxecto AMPER*. Traballo de Investigación Tutelado. Universidade de Santiago de Compostela.
- Escourido Pernas, Ana (2007): "Aproximación ao estudo da focalización no galego", in M. González; E. Fernández & B. González (eds.): *Actas do III Congreso Internacional de Fonética Experimental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 261-277.
- Fernández Rei, Elisa (1995): *Aproximación á entoación dos enunciados interrogativos en galego. Estudio Acústico*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, Elisa (2005): "Situación actual das investigacións prosódicas sobre o galego", *Bolletino dell'Atlante Linguistico Italiano* 29, 147-159.

- Fernández Rei, E.; M. González González; L. Xuncal Pereira & M. Caamaño Varela (2005a): “Acheга á entoación dunha fala do centro de Galicia. Contribución para o AMPER”, *Géolinguistique* Hors de Série 3, 87-102.
- Fernández Rei, E.; A. Escourido Pernas; M. Caamaño Varela & L. Xuncal Pereira (2005b): “A entoación dunha fala de Santiago: fronteira prosódica entre suxeito e predicado”, *Estudios de Fonética Experimental* XIV, 141-165.
- Fernández Rei, E.; A. Escourido Pernas & M. Caamaño Varela (2007a): “Caracterización prosódica das interrogativas da Costa da Morte e do Morrazo”, in M. González; E. Fernández & B. González (eds.): *Actas do III Congreso Internacional de Fonética Experimental*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 305-315.
- Fernández Rei, E.; A. Escourido Pernas & S. Gómez Castro (2007b): “Acento e entoación nas frases con extensión en dúas variedades do galego (O Incio e Camelle)”, in Josefa Dorta (ed.): *La prosodia en el ámbito lingüístico románico*. Tenerife: La Página, 55-71
- Fernández Rei, E. & A. Escourido Pernas (2008): “Problemas metodológicos en la adquisición de datos prosódicos a partir de corpóra”, *Language Design*, Special Issue 2, 249-257 (Antonio Pamies; Mari Cruz Amorós & José Manuel Pazos (eds): *Experimental Prosody*).
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, Francisco & Carme Hermida Gulías (eds.) (1996 [2003²]): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega. Tamén dispoñible na web: <http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>.
- Lai, J. P. & A. Romano (2003): “Etat d’avancement du projet Atlas multimédia prosodique de l’espace roman (AMPER)”, *Bollettino dell’Atlante Linguistico Italiano* 26, 199-203.
- Martínez Celdrán, E.; A. M. Fernández Planas, J. Dorta Luís & E. Fernández Rei (2006): “La intercomprensión d’interrogatives absolutes amb tonemes descendents del català, de l’espanyol de canàries i del gallec”, *Estudis Romànics* 28, 7-28.
- Martínez Celdrán, E.; A. M. Fernández Planas; J. Dorta Luís & E. Fernández Rei (2007): “Reconocimiento de variedades lingüísticas a partir de la entonación: el caso de algunas interrogativas de Tenerife, Santiago de Compostela y Barcelona”, in M. González; E. Fernández & B. González (eds.): *III Congreso da Sociedade Española de Acústica Forense*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 225-247.

- Moutinho, L. de C.; R. L. Coimbra; A. Teixeira & M. Pereira (2005): "Variação entoacional em três áreas dialectais de Portugal Continental", *Géolinguistique* Hors série 3, 19-37.
- Pike, K. L. (1945): *The intonation of American English*. Ann Arbor: University of Michigan Press.
- Porto Dapena, J. A. (1977): "El gallego hablado en la comarca ferrolana", *Verba*, anexo 9, 41-49.
- Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*, Vigo: Edicións Xerais.
- Romano, A. (1995): *Développement d'un environnement de travail pour l'étude des structures sonores et intonatives de la parole*. Memoria DEA en *Sciences du Langage*, ICP, Univ. Stendhal.
- Romano, A. (1999): *Analyse des structures prosodiques des dialectes et de l'italien régional parlés dans le Salento (Italie): approche linguistique et instrumentale*. Tese de doutoramento, Grenoble: Université Stendhal.
- Romano, A. (2002): *Un projet d'Atlas multimédia prosodique de l'espace roman (AMPER)*, in F. Sánchez Miret (ed.), *Actas do XXIII CILFR*, Tübingen: Niemeyer, vol. I, 279-294.
- Romano A. & M. Contini M. (2001): *Un progetto di Atlante geoprosodico multimediale delle varietà linguistiche romance*, in E. Magno Caldognetto & P. Cosi (eds.): *Multimodalità e Multimedialità nella Comunicazione. XI Giornate di Studio del "Gruppo di Fonetica Sperimentale" dell'Ass. Italiana di Acústica*. Padova: Unipress, 121-126.
- Sobrinho Pérez, M. A. (1997): *A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descritiva*. Memoria de licenciatura, Universidade de Santiago.